



NOTIFICACIÓN

Órgano: Alcaldía

Día do acordo: 17-06-2024

De orde da Alcaldía, remíttolle o Decreto núm 145/2024 que se copia literalmente deseguido:

DECRETO DA ALCALDÍA: Contratación 2 auxiliares SAF

Expediente nº: 2024/G003/000155

Antecedentes administrativos

A aprobación da oferta extraordinaria de emprego público deste Concello para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, que inclúe unha praza de condutor- encargado de maquinaria municipal, segundo consta no decreto 104/2022 de data 16/05/2022. Expediente: 2022/G003/000113.

Aprobación das bases correspondentes á oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal. Nº Expediente: 2022/G003/000331.

Convocatoria de selección de persoal de 6 prazas de persoal laboral fixo de auxiliares do SAF, estabilización do emprego temporal, con nº Expediente 2023/E001/000003.

Segundo consta na acta do tribunal no expediente 2023/E001/000002 e a publicación do anuncio coa relación de aprobados segundo as actas do tribunal cualificador.

Documentación presentada polas persoas aprobadas e propostas para ocupar os postos Natalia Mera Carrodegas, Ana Caneiro Campos, Ana Santalla Mourente e M^a de la Paz Durán Piñón.

Vista a renuncia presentada pola aspirante Sonia Pérez Teijeiro a ocupar o posto, con Exp. Nº 2023/E005/000011 e a falta de documentación presentada por Martina Prieto Mouriz no prazo establecido, procede publicar a puntuación coas seguintes aspirantes con maior puntuación.

Vistas as renuncias presentadas polas aspirantes Silvia Santalla Pérez (nº rexistro: 202499900000350 de data 03/06/2024) e M^a Elena Carballo Rey (nº rexistro: 202400000000395 de data 14/06/2024) a ocupar os postos, procede publicar a puntuación coas seguintes aspirantes con maior puntuación, que optan as prazas de consolidación a xornada parcial pendentes de cubrir.

Lexislación aplicable

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, o expediente de aprobación da oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal con nº expediente 2022/E003/000001.

En virtude de canto antecede, conforme o disposto nos artigos 21.1 apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o recoñecido no artigo 41.14 apartado c) do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro; o disposto no artigo 61.1 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Administración Local así como o establecido no Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de novembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo que debe harmonizarse coas disposicións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con incidencia sobre o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como na Lei 7/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e restante normativa concordante.

Esta Alcaldía, como órgano de contratación **RESOLVO:**

Primeiro.- Publicar os datos das persoas seguintes que obtiveron maior puntuación segundo consta na acta do tribunal cualificador e que optan aos dous postos vacantes, un por renuncia e outro por non presentar a documentación requirida, para que presenten a documentación dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación, os documentos acreditativos de capacidade e máis os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- a) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- b) Certificado médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.
- e) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- f) Documento acreditativo de conta bancaria.
- g) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

As persoas nomeadas como candidatas a cubrir os postos vacantes por orde de puntuación serán as que se relacionan deseguido:

ORDE	NOME E APELIDOS	Experiencia profesional	Formación académica e non académica	TOTAL
9	Pilar Martínez Santalla	54.60	40.00	94.60
10	Leticia Sixto López	47.30	40.00	87.30

Segundo.- Notificar a presente resolución as persoas propostas con indicación do prazo do que dispón aos efectos da formalización do contrato no Concello de Cerdido e dos recursos de que a mesma é susceptible en Dereito.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Alberto Javier Rey Paz, do que eu Secretaria do concello, María del Carmen Sanmillán Villar, dou fe.

RECURSOS: Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen perxucio de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.

Asinado dixitalmente pola Secretaria do concello, María del Carmen Sanmillán Villar.

Taboleiro de anuncios